

## CAMBIOS NA EMISIÓN DO CERTIFICADO EUROPEO

A partir do 1 de febreiro do 2022, entraron en vigor novas normas para a xeración do certificado europeo de vacinación:

- Os certificados amosarán o nome da última vacina administrada e a data da mesma, sempre e cando esta sexa unha vacina aprobada pola OMS.
- Os certificados de pauta completa (primovacinação), sen dose de reforzo, serán válidos durante 270 días (9 meses).
- Nestes momentos non hai un período máximo de validez para as doses de reforzo.

### IMPORTANTE:

Existe unha nova codificación das doses administradas, en determinadas circunstancias, nas que o denominador indicará o número de doses que corresponden coa pauta de primovacinação:

**-Primovacinação con Janssen:** por ser unha vacina monodose, aparecerá sempre no denominador o número 1, e no numerador as doses totais recibidas (exemplo: “2/1”, despois da administración da dose de reforzo).

**-Persoas con antecedentes da infección** e que so precisan unha dose como primovacinação. Aparecerá no denominador o número 1, e no numerador as doses totais recibidas (exemplo: “2/1”, despois da administración da dose de reforzo).

**-Persoas que aporten vacinas non aprobadas pola OMS:** nestes casos, será preciso que reciban unha dose de ARNm, e por tanto esta vacina será a única que se reflicta no denominador. Aparecerá no denominador o número 1, e no numerador as doses totais recibidas aprobadas pola OMS.

**Aquelas persoas que se atopen nestas circunstancias deben descargar de novo o seu certificado para que estea actualizado segundo a nova normativa.**